

Exposición pública do padrón das taxas polos servizos de subministración de auga e conservación de contadores, canon da auga, saneamento e depuración de augas residuais, e recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Configurado pola empresa concesionaria do servizo de subministración domiciliar de auga potable e saneamento e depuración de augas residuais, e xestora da recadación en período voluntario da taxa por prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, o padrón das taxas polos servizos de subministración de auga e conservación de contadores, canon da auga, saneamento e depuración de augas residuais, e recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos correspondente ao 5º bimestre de 2017, ao abeiro do artigo 20 da *Ordenanza 0.00 xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e doutros ingresos de dereito público (OXRI)*, o citado padrón estará a disposición do público na Oficina de Atención ao Contribuinte sita na Rúa Presidente Salvador Allende nº 4-baixo, durante un prazo de 15 días a contar dende a data da publicación do anuncio, en horario de 9 a 14 horas, de luns a venres, para que os interesados poidan examinalo, e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas.


O presente anuncio ten o carácter de notificación colectiva segundo o disposto no artigo 102.3 da *Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria* e no artigo 45.2 da *OXRI* e de anuncio de cobranza segundo o disposto no artigo 24 do *Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o regulamento xeral de recadación*

Contra as liquidacións das taxas municipais que conteña o padrón os interesados poderán formular perante a Concellaría delegada de facenda o recurso de reposición previo ao contencioso - administrativo regulado no artigo 14.2 do *Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRFL)* e no artigo 53 da *OXRI*, no prazo dun mes que se contará dende o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico - administrativa ante o órgano económico - administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49.7 do *Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.*

O período voluntario de pagamento deste tributo será de dous meses a contar desde a data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

O pago poderá efectuarse:

- a) Mediante tarxeta bancaria nas oficinas da empresa concesionaria do servizo (VIAQUA) abertas ao público de 9 a 13.30 horas, de luns a venres
- b) En calquera oficina de Abanca, Banco de Santander, BBVA e oficinas informatizadas de Correos, en horario de atención ao público
- c) En caixeiros automáticos de CaixaBank
- d) A través de INTERNET , entrando na páxina web www.viaqua-sa.es
- e) A través do teléfono gratuito 900 201 230



CONCELLO DE SANTIAGO

Transcorrido o período voluntario de pago establecido, as débedas pendentes esixiranse pola vía de constrinximento e devengarán o recargo de prema, os xuros de mora e as custas que se produzan. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2017

A CONCELLEIRA DELEGADA DE FACENDA

Asdo. María Rozas Pérez

